



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 7 DE OUTUBRO DE 2010**

| | |
|----------------------|--|
| <u>ALCALDE:</u> | D. Jesús Vazquez Almuiña |
| <u>CONCELLEIROS:</u> | D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ) D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña.Laura Miguez Pérez Dña. Teresa Perez Vieira D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE) D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin |
| <u>SECRETARIA:</u> | Dña.Susana Gallardo Fariña |
| <u>INTERVENTORA:</u> | Dña.Rosa del Riego Santos |

Na Casa Consistorial de Baiona, a sete de outubro de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, e antes de tratar os asuntos incluídos no Orde do día da conta da publicación no B.O.E do martes día 5 de outubro que dí que "de conformidade co disposto no apartado 6 da Orden Ministerial de 3 de maio de 2006, este Instituto de Turismo de España a tido a ben conceder o título de interés turístico nacional á seguinte Festa: "Fiesta de la Arribada de la Carabela la Pinta de Baiona". Lo que se hace público y se firma a 23 de septiembre por el Secretario General de Turismo, Comercio e Interior, Sr. Joan Mesquida Fernández, para conocimiento de todos los concejales y del público.

1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.
Acta de 2 de setembro de 2010.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algún comentario á devandita acta e non producíndose ningunha observación di: "Comentar que houbo un pequeno erro na páxina 22; na primeira liña pón: "Por todo esto pido que se apoye a *ausencia* desta moción", lóxicamente é "Urxencia desta moción", non "ausencia". Despois aparecen uns números que non están ben; é un erro; eu falaba de 300, 500 casas, e aquí se repite "30.000, 50.000, 300, 500 casas".



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Con estas modificacións fica aprobada por unanimidade a acta do día 2 de setembro.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.

Os concelleiros dispoñen das devanditas resolución da Alcaldía.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO 3/2010.

O SR.ALCALDE cede a palabra á **Sra. Interventora.**

SRA. INTERVENTORA.- Se eleva al Pleno para aprobación la modificación de crédito nº 3/2010 por un importe total de 478.635,38 euros. Esta modificación de crédito se destina en su integridad a la financiación de inversiones no previstas en el Presupuesto general de 2010, por ello es necesaria su tramitación, en algunos casos para aumentar la partida prevista en el presupuesto como es el caso de la obra de reurbanización del entorno de Carabela la Pinta, y en otros casos se trata de inversiones nuevas no previstas en el presupuesto.

Da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

La Alcaldía ante la necesidad de realizar inversiones para este ejercicio 2010, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 03/2010 de modificación del Presupuesto de 2010, mediante crédito extraordinario por importe de **287.626,04 €** y un suplemento de crédito por importe de **191.009,34 € (total de 478.635,38 €)**

Las causas que justifican la realización de esta modificación son las de dotar de consignación la realización de inversiones no previstas en el Presupuesto de 2010 por importe de **478.635,38 €**:

El presente expediente se financia con cargo a baja por anulación de partida de inversión del presupuesto corriente por importe de 5.410 €, Con nuevos o mayores ingresos efectivamente recaudados sobre los totales previstos en algún concepto del presupuesto corriente por importe de 24.259,02 € y con recursos derivados de una operación de crédito por 448.966,36 €

Visto el informe de Intervención y derivado del incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria se eleva al Pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

1º.-Aprobar el expediente de modificación de crédito nº 03/2010 de modificación del Presupuesto de 2010, mediante crédito extraordinario por importe de **287.626,04 €** y un suplemento de crédito por importe de **191.009,34 €** afectando a las partidas que se detallan en el Anexo

2º. Solicitar, previa autorización del órgano correspondiente de la Consellería de Facenda de la Xunta, una operación de crédito con las siguientes características:

- Importe **535.909,57 € (incluyendo el importe de 86.943,21 € previsto en las Bases de Ejecución del Presupuesto de 2010)**
- Plazo: 6 años más 6 meses de carencia de capitales e intereses
- Tipo: EURIBOR Trimestral + 1,5 %
- Sin comisiones de ningún tipo
- Amortización: trimestres naturales vencidos



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

3º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública de las modificaciones del presupuesto que requieren aprobación plenaria"

CONTINUA.- Comentar, en relación con la aprobación en los últimos puntos del Orden del Día del Plan económico financiero, que no es precisa autorización del órgano correspondiente de la Consellería de Facenda de la operación de crédito; simplemente se debe comunicar la formalización de la operación de crédito previa aprobación del Plan financiero.

SR.RODAL, PP.- Como había comentado la Sra. Interventora, esta tercera modificación de crédito de este año 2010, tiene como consecuencia la incoación del expediente para resolución del contrato administrativo formulado en el 2007 con la empresa INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL S.L, para promoción de viviendas autonómicas en el PERI 3, que se dotó de consignación la partida correspondiente, en este caso, para conseguir lo antes posible la regresión de la parcela en los términos señalados en el Pliego y a la espera de resolución del expediente que se producirá en los próximos meses; también, como se ha comentado, es por el tema de la humanización de las obras en la calle principal de Baiona, Carabela la Pinta, por un importe total, aproximado, de unos 700.000 euros; por ello tenemos que consignar la parte correspondiente al porcentaje que tendría que poner el Ayuntamiento que son, estimados, unos 191.000 euros.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Nosotros, en mayo, cuando se aprobó el presupuesto del 2010 hacíamos una petición para modificar el presupuesto y también en este apartado de inversiones en la calle Carabela Pinta; proponíamos una subida en esa dotación presupuestaria del 50%; sin embargo ahora ustedes suben el 300%, en 4 meses; dando lugar a un despropósito presupuestario.

Dos objetivos tiene esta modificación presupuestaria; uno es la humanización de la calle Carabela Pinta con la participación del Ayuntamiento con 191.000 euros, y otro es la reversión de una parcela de Sabaris por un incumplimiento de un contrato administrativo.

Queríamos aprovechar para decir (ya lo hemos dicho en ocasiones anteriores, y ya estaba en nuestra campaña electoral) que somos absolutamente partidarios de la humanización de la calle Carabela Pinta como arteria fundamental y dinamizadora de la Villa de Baiona; queríamos advertir que este proyecto debería llevarse a cabo con el mayor consenso y dialogo posible con vecinos y empresarios, que no dé lugar a ningún tipo de tensión ni dramatismo, lo que podría ocasionar un gran perjuicio para ellos.

Como ya hemos planteado en el presupuesto anterior, en el debate de presupuestos de mayo, en este tipo de medidas nos vamos a abstener. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixeramos facer unha petición á Alcaldía para que as modificacións orzamentarias se dividiran en dúas; vou a expór o motivo polo que o facemos; vamos a facer dúas diferencias que son: unha, pola finca de MARVIL, e outra polo tema da humanización de Carabela Pinta.

E vamos a decir claramente cal e a nosa postura. Con respecto á parcela de MARVIL, fai 3 ou 4 anos que se vendeu esta parcela a MARVIL coa intención de que se fixeran vivendas sociais, tal cal se fixeron unos metros mais abaixo pola cooperativa de Baiona.

Naquel Pleno, o goberno do Partido Popular, e o seu socio, adxudicaronlle a parcela a unha empresa privada a pesares da insistencia da oposición, por parte do BNG, de que debera de ser a cooperativa porque estaba funcionando perfectamente na outra parcela, eran veciños e veciñas de Baiona as que ian a participar no sorteo desas vivendas e que nós confiabamos plenamente que era o sistema que máis lle favorecía ós veciños e veciña de Baiona.

Vostedes optaron por darllo a unha empresa privada que por certo ún dos seus membros da dirección, creo que o máis importante de todos, é un ex- Conselleiro do Partido Popular; ó



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

mellor é casualidade, (pero eu a estas alturas non creo nas casualidades), e lle dixemos que MARVIL en Tomiño fixo varios edificios e tiña moitos conflitos xudiciais polo remate das obras, porque non tiñan unha calidade boa, que había denuncias no xulgado polas deficiencias nas construcións. Aínda así vostedes optaron por esa opción, pola privada, como sempre, e lle concederon a parcela a MARVIL.

O tempo nos deu a razón: 4 anos de atraso; e o tempo tamén nos deu a razón que 50, 100 metros máis abaixo, fronte a fonte do Pombal, se levantou un edificio de 17 vivendas exemplar na súa xestión, na súa calidade, na súa funcionalidade, e que a día de hoxe están ocupadas por veciños e veciñas de Baiona; cun precio de pisos de 4 habitacións sobre 125.000 euros, creo recordar. A ver onde se atopa en Baiona un piso desa calidade, ou de moita menos calidade, aínda despois de que baixaran á metade ou tres veces máis; imposible. Se houberan feito o que nos pedimos naquel momento, e ademais con criterio, agora mesmo habería 12 vivendas máis con 12 familias máis ocupadas, e non teríamos o follón que temos.

Nos parece ben que se lle saque esta finca a esta empresa, que se lle retire a concesión por incumprimento, e vamos a apoiar este punto, porque foi o que levamos pedindo e temos que ser coherentes co que pedimos. Polo tanto creemos que está ben feita agora a xestión pero estivo mal feita antes; iso con referencia a MARVIL; ademais, según nos explicou a Interventora na Comisión Informativa, é o procedemento legal o que vamos a realizar. Polo tanto, neste punto, ata ahí estamos dacordo.

Con respecto a Carabela Pinta, foi unha pena que ustedes sigan ca mesma política de oscurantismo e de falta de transparencia; unha auténtica pena. Fai meses, cando miramos a partida no orzamento, preguntamos si estaba o proxecto, nos dixeron que non, e fai unha semana hoxe vimos a unha Comisión Informativa e nos presentaron na Orde do día a inclusión desta modificación, e pregunteille si estaba a nosa disposición, porque nós estabamos interesados en ver este proxecto, somos partidarios das humanizacións, fomos os primeiros que quixemos humanizar Sabarís e houbo militantes do PP que foron a reventarnos a asemblea (agora dicen que si, antes decían que non, eles saberán porqué), pero nós somos partidarios das humanizacións, con sentidíño; ao que non estamos dispostos é a darlle un cheque en branco a ninguén e menos a vostedes, pola experiencia que temos. Polo tanto pedimos ese día acceso á documentación e vostede me dixo que estaba a nosa disposición. O martes vin a preguntar si estaba, quería ver o proxecto, pregunteille á señora secretaria, me dixo que si, que o solicitara por escrito que mo daba inmediatamente; baixei, soliciteino por escrito, subín, e como tardaba fun de novo outra vez a xunto dela e me dixo que non podía velo porque estaba ocupado. Me fun xunto ó Alcalde e me dixo que efectivamente que non podía velo porque estaba ocupado; claro, ocupado estaría; eu estiven na oficina de Urbanismo e pregunteille ós funcionarios se sabían onde estaba o proxecto, porque eu pensei ó principio que estaba abaixo, e me dixeron que desconocían tal proxecto; os membros da oficina de urbanismo de Baiona descoñecían a mártres desta semana o proxecto da humanización da Carabela Pinta. Me marchei e cal foi a miña sorpresa que o día seguinte, onte, resulta que aparece o proxecto na prensa. O martes pola tarde chamei a ACEBA e pregunto se coñecen o proxecto de humanización da Carabela Pinta, me dicen "sí, coñecemos o proxecto e é moi bonito"; Sr. Alcalde, é indignante que persoas alleas, por moitas organizacións legais que sexan, alleas a este Concello, coñezan os proxectos do Concello antes que a Corporación; é unha vergoña non para nós, para vostede; é indignante; tome nota.

Onte efectivamente solicitei o proxecto, o vin, tivo a señora concelleira de Urbanismo a delicadeza de explicarme moi amablemente, a pesares de que eu non lle pedí explicación ningunha, de feito estivo aquí máis dunha hora conmigo, non sei se tería moito traballo ou non, pero estivo aquí; moitas grazas señora concelleira; eu non sei se me viña a explicar ou a víxiarme, pero víu. Explicoume algunhas cousas sen preguntarllo pero a mín deume máis a sensación de que me víxiaba; pero como ben lle dixen ata día de hoxe ninguén foi capaz de acusarme de levar ningún documento deste Concello; fotocopias si, pero documentos non.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE. - Vostede tivo que ser desplazado dun ordenador de Urbanismo.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Sr.Alcalde, o do ordenador é como o da finca de Baredo das palas; non hubo quen me desplazara; lle invito a vostede a que chame agora mesmo a Guillermo, Policía local, aquí, e que aclare esa situación; porque a señora concelleira de Benestar se fixo, perdonen a expresión, unha "paja mental" naquel momento que estaba totalmente fora de lugar; polo tanto chamamos ó Policía e que o aclare aquí diante de todo o mundo, con luz e taquígrafos. Eu estaba buscando na zona do sixpac porque o señor Guillermo me dixo: "séntate tú e busca tú; non me vas a estar dicindo donde é, move para arriba, move para abaixo", esa foi a realidade. Por iso lle digo que o invite aquí e o aclaramos aquí e agora. Sra.Concalleira, vostede non ten que aclararme nada, vostede viu alí de prepotente; e vostede é unha concelleira como o son eu, xa llo dixen, e a min ninguén me dá ordenes aquí no Concello.

SR.ALCALDE. - Sr.Fernández, non xe desvóe do orde do día, acabe.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Vimos o proxecto e lle pedín á conselleira, xa que onte mesmo tiñamos unha assemblea no Partido cos compañeiros, que me dera unha copia dun dos planos pa explicarlle ós meus compañeiros cal era a postura que iamos a tomar aquí hoxe; esa é a realidade; ¿ou estou mentindo, señora concelleira?, se quer cando poida despois mo explica; unha copia dese plano, concretamente, do que se ve como vai quedar o proxecto porque o que se ve na foto do periódico non vai a ser así, ou sexa, dá outra aparencia; eu quería explicarllo ós meus compañeiros, nós temos un réxime asambleario, que decidimos na assemblea, para traeros unha proposta aquí consensuada.

Eu estou convencido, señor Alcalde, que o mellor este punto podería ser aprobado pola nosa parte, pero a falta de transparencia por parte de vostedes de non darnos a documentación que deberan de darnos, porque tanto é nosa como de vostedes, quero recordarlle que o que hai do equipo de goberno é de tódolos veciños, e nós temos o mesmo dereito ó seu acceso como vostedes; nos negou a documentación; se a tiveramos hoxe ó mellor outro galo cantaría; entón lle pido que sexa máis transparente, que non xogue sucio coa oposición, porque despois veñen os problemas. Nós houberamos tido outro criterio se tiveramos un criterio de valor, houberamos cambiado o voto, pero non podemos porque vostede nos negou a documentación; témola solicitada por rexistro e eu espero que á maior brevidade (porque facer unha fotocopia se fai en 5 minutos), porque ademáis a concelleira sabe que fotocopia quero, e de que parte quero, (xa non lle vou a pedir todo o tocho para estudiálo polo miúdo) porque vimos onte posibles defectos (ao noso entender) que pode ter o proxecto, puntuais; e creo que o mellor se nos pómos a analizar entre todos cada ún vería unha cousa que podería valer para todos, e eu creo que ese é o animo que ten que ter a Corporación, por iso lle digo que se houbera actuado doutro xeito nós huberamos apoiado o punto; que vostedes van a gañalo igual, pero non é o mesmo; e que ademáis é distinto facer un proxecto de humanización co que iso trae detrás; lea hoxe a prensa e pode leer exactamente a postura que eu estou reflexando; e non o estou decindo porque hoxe veña na prensa senón porque é a realidade; porque falta transparencia cos partidos da oposición e cos veciños e os comerciantes, porque ACEBA tiña acceso á documentación pero os comerciantes non; é grave por parte de ACEBA, ou supoño que será grave; si eu fora membro de ACEBA para mín sería de gravidade importante.

Polo tanto, para nós, neste proxecto hai dúas cuestións importantísimas; unha: aparcamentos; creo recordar que se eliminan sobre 15 prazas de aparcamentos contadas hoxe por mín ó vir ó Pleno, despois de haber visto o proxecto; 15 prazas de aparcamento ante un proxecto como éste son asumibles para o BNG; claro que 15 prazas de aparcamento menos encima de máis de 300 que levan retirado da superficie en 4 anos xa son moitas; xa son moitas prazas de aparcamento de superficie que se están retirando de forma gratuita para encher os parques privados. Cando se vendeu aquí o de facer parkins privados se decía de crear 700 prazas de aparcamento privado, pero se restamos case 400



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ó final se crean 300; 700 de pagar, e se restan 400 de grátis, polo tanto ese balance a nós non nos sirve.

Segunda cuestión importantísima: as augas, qué pode pasar coas augas; según o proxecto, e aparentemente, excepto algún error do final, abaixo de todo, deberá de resolvelo; pero claro, estamos sempre co mesmo problema; resulta que se ía a resolver o problema das augas de Carabela Pinta co proxecto de Marqués de Quintanar, e cos Tendais, e con San Antón, e resulta que se fixeron os Tendais e se fixo Marqués de Quintanar e segue habendo una cuarta de auga cando hai unha tromba de auga por Baiona; este sábado de madrugada houbo unha tromba de auga de máis de 20 cmts baixando por Carabela Pinta, dígame vostedes a min onde está o fallo, ¿qué pasa?, ¿que non funcionan os sumidoiros ou é que están atascados?, non o sei. Sr.Vilar, vostede terá algo que dicir neste tema porque si están atascados é responsabilidade súa, e senón funcionan haberá que buscar responsabilidades nos inxenieros que fixeron o proxecto ou en quen firmou o finiquito da obra; o que non pode ser é que os veciños na rúa Carabela Pinta teñan que atravesar con botas ata a rodilla, se cuadra, se lle chegan, porque se fagan traballos que valen millóns de pesetas ou centos de miles de euros e que non funcionen. E significativo que o tubo que se meteu en Marqués de Quintanar dun metro, ou dun metro vinte, e que sale o carón da praia da Concheira, que nesas trombas de auga non leve nin a metade da carga da súa capacidade; é sospeitoso porque a dimensión do tubo non falla, o que falla é por onde entra a auga; exactamente igual que no Punxido; un tubo dunha barbaridade inmensa de sección, colocado e pagado pola Deputación, é dicir: por todos nós, e que non leva nin o 10% da súa capacidade; aquí algo falla: ou as tragantes ou os inxenieros; non o sei, pero algo falla.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, estamos falando dunha modificación de crédito; vamos a centrarnos. Quero recordarlle que estamos falando dunha modificación de credito, non estamos falando dunha aprobació do proxecto, que é distinto; cando o punto do Orde do día inclue aprobación dun proxecto loxicamente ese proxecto está a disposición dende antes da Comisión informativa, pero agora estamos falando doutra cousa que é unha modificación de crédito; porque sabe vostede que as obras plurianuais, como é o caso éste, o ano que ven hai limitacións no crédito, e posiblemente non haxa tanta limitación como se decía antes pero pode haber; pero repito que estamos falando dunha modificación de crédito. Nós, en canto ó proxecto, estamos sempre abertos a modificacións que podan mellorálo, de feito fai uns minutos tivemos unha reunión polo tema de Sabaris cos representantes dos veciños e se fixeron unhas modificacións por parte da Xunta de Galicia sobre peticións que había moi loxicas, e se chega a ese acordo e parece razoable; calquer proxecto é mellorable sempre e nós vamos a estar en que os proxectos sexan os mellores posibles; pero neste momento estamos falando aquí doutra cousa.

Falaremos de todo o que queira pero mellor cando acabemos tódolos puntos. E aproveitando xa o que dí, direille que o sábado ao domingo ás 4 ou 5 da maña a vostede non o vin coas botas; eu estaba na ventana vindo e non vín a nadie con botas, nin a nadie afogado; e quero recordarlle que ese día concretamente se batíu o récord, non había ningún rexistro en Galicia que dera 200 litros por metro cuadrado como ocorreu nesas horas da noite, entón estamos falando dunha excepción. Lóxicamente en canto ó tema de pluviais o que queremos facer con cada ún dos proxectos que estamos aprobando agora é mellorálos; o barrio de San Antón non ten pluviais a día de hoxe, queremos canalizálas, pero dende logo a Carabela Pinta pásalle igual: ten limitacións nas pluviais; hai que ir incrementando porque Marqués de Quintanar só non pode recoller as augas de todo Baiona; para iso temos que ir diversificando; os proxectos de humanizacións son interesantes pero a veces é máis interesante incluso o tema das infraestructuras que van debaixo e do que se trata é de mellorálas; estamos dacordo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, me acaba de interrumpir por sairme da Orde do día e sacou xa vostede San Antón, Sabaris,.. Por certo, o BNG non estivo invitado á Comisión de seguimento de Sabaris.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Vostede o sabe moi ben, na reunión da Comisión informativa dixemos que había esta reunión o xóves e que estaban invitados os grupos; invitouse o señor Lores, porque o señor Roberto Valverde estaba na comisión.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non, non, Roberto Valverde estaba como veciño afectado como estaban outros veciños de Sabaris. O BNG non foi invitado á Comisión de seguimento da rotonda de Sabaris.

SR.ALCALDE.- Non; o BNG estaba na Comisión informativa onde se dixo que había unha reunión o xóves.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non, estaba invitado o señor Lores; e sí, me deu a min a notificación para Roberto.

SR.ALCALDE.- E dixen como único grupo que non está presente ese día, que o PSOE pode estar; poderían vir os dous concelleiros do BNG, tampouco habería problema, había unha ex-concelleira do BNG; non pasa nada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu non son veciño de Morade, non son membro da comisión de afectados de Morade.

SR.ALCALDE.- Dígame unha cousa ¿o señor Roberto Valverde é concelleiro do BNG de Baiona?

SR.FERNANDEZ, BNG.- É concelleiro; pero estaba alí representándose a semellante como os outros veciños; non representando ó BNG.

SR.ALCALDE.- O sinto señor Roberto, eu dirixiame a vostede como tal; non representou ó BNG, pido desculpas; ó acabar o Pleno eu informo ó representante do BNG da reunión.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Moitas grazas. Por outro lado efectivamente isto é unha modificación de crédito, e estamos falando dun proxecto; eu non contradigo o que acaba de dicir vostede, o que si lle digo é que este proxecto tiña que estar nas nosas mans antes deste Pleno, moito antes de onte, o martes cando o pedín vostede non nolo ensinou; en cambio, un colectivo alleo á Corporación tivo acceso fai tempo a este proxecto; non sei cando foi pero fai tempo que tivo acceso; iso é o que lle critico; e precisamente iso é o que lle critican os veciños e os empresarios desa rúa: que non teñen acceso; e o peor que pode facer un goberno é ocultar porque cando se oculta todo o mundo se pensa o peor, e nos pasou a nós, pasoulles a eles e pásalle a calquera. Polo tanto, Sr.Alcalde, neste punto non vamos a votar en contra, evidentemente, porque non poderíamos facélo, pero nos vamos a abster; se tiveramos un xuízo de valor eu estou convencido de que o íamos aprobar, e a proba vai a téla seguramente co tempo. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Nós estamos totalmente a favor deste punto, creemos que é moi positivo.

O tema da rúa Carabela Pinta era un proxecto que xa estaba previsto, se habían analizado xa no equipo do goberno tódolos prós e tódolos contras do que supuña, se analizaron as vantaxes desa humanización e sobre todo o tema do tránsito de vehículos así como a eliminación das prazas de aparcamentos, que creemos que son poucas nese sentido, e Baiona afortunadamente é dos Concellos que máis prazas de aparcamento ten; hai aparcamento de pago como en tódolos sitios do mundo, como en tódalas cidades de calidade; a cuestión é que os veciños de Baiona teñen dereito a disfrutar dun espazo sen vehículos na rúa, e a vostede o feito de vir a Baiona non lle da o dereito de aparcarse onde lle de a gana, vostede ten que chegar co seu coche e aparcarse onde a norma municipal llo diga,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

e senón veña a pé dende Sabaris, o que é perfectamente válido xa que hai uns paseos excelentes, é ademais a vostede que é moi aficionado a camiñar lle convén por salud. Creemos que esa batalla dos aparcamentos é unha demagogia pura xa que Baiona ten moitas alternativas para aparcar; polo tanto non creemos que isto sea un auténtico problema.

Con relación o tema das augas, efectivamente Baiona na zona baixa ten un problema de augas pero é un problema que nós estamos abordando precisamente coa separación de augas pluviais, na zona de San Antón hai unha conexión directa de augas pluviais á red xeral de alcantarillado o que orixina que na zona baixa da rúa Carabela Pinta se atasquen as tuberías; iso é un problema grave. Creo que incluso estaba vostede de concelleiro de Vias e Obras cando se conectaron de maneira irresponsable algúns regatos de San Antón á rede xeral de saneamento, e senón estaba vostede se había feito anteriormente estando outras persoas de Alcalde e vostede tampouco fixo nada por resolver ese problema; nós si que fixemos moitas resolucións a este tema, entre outras cousas se levou o colector de saneamento de pluviais á Concheira eliminandoo da rúa Carabela Pinta, que era o antigo regato das Fontiñas; vostede non sei si recorda co regato das Fontiñas desembocaba e desaguaba na zona da praia Ribeira; e polo tanto se canalizou hacia a praia Concheira co obxecto de desviar as augas.

Evidentemente hai problemas técnicos, os políticos tampouco somos técnicos; algo de razón vostede ten en que posiblemente os técnicos moitas veces non están á altura das circunstancias; pero nos temos moi claro que hai que separar pluviais de fecais; e sobre todo empezar dende arriba dende a zona de San Antón para acabar co ese proxecto, e de feito invertimos unha parcela importante do Plan E. En canto á humanización da rúa Carabela Pinta, creemos que é positivo; e a maioría da xente o acata. Eu estaba de Alcalde cando se puxo dirección única a rúa Carabela Pinta e os comerciantes tamén montaron un cristo do carallo porque empezaron a dicir que perdían comercio, que querían entrar por onde entraban habitualmente, etc., e pasaron outros Alcaldes, outras Corporacións, e nadie cambiou a dirección única desa rúa, de feito o paso de cebra máis longo que temos no Concello que é o que vai da rúa de Elduayen ata Ramón y Cajal agora está protexido o peatón porque sóo lle ven tráfico dun sóo lado, antes lle viñan dos dous e había moitos atropelos. Este é un tema moi reflexionado, creemos que o proxecto se axusta á realidade e que ó final todo o mundo vai a quedar contento.

Ademais teña en conta unha cousa, que tamén se vai a complementar a entrada e saída ó casco de Baiona coa futura rotonda que vai na Virxe da Rocha, na entrada da Virxe da Rocha, o que vai tamén a axilizar; ter esta visión de futuro e da organización do tráfico é moi importante, vaise a recargar máis de tráfico Cidade de Vigo, Marqués de Quintanar, e Tomás Mirambell; esa rotonda vai a resolver o tráfico que non vai a poder ir pola Carabela Pinta coa fluidez de agora.

Creo que isto é un proxecto rematado, que arquitectónicamente creo que está moi ben, a concelleira de urbanismo dedicoulle moitas horas a reflexión, é unha persoa preparada e confiamos plenamente nela; creo que o tratamento vai a ser perfecto, por iso lle dou a enhoraboa a Ana Simóns polo tempo que lle dedicou a este proxecto.

En canto o tema de Marvil, mire vostede señor Fernández, nós somos escrupulosamente legalistas neste tema e creo que a Corporación de Baiona sacou un concurso e se llo deu a quen o gañou merecidamente, incuestionablemente; o que pasa é que vivimos nunha sociedade na que houbo unha crisis: crisis do ladrillo, que desgraciadamente os que tiñan responsabilidades de goberno non reconduciron o tema da construción, pinchouse a burbuxa inmobiliaria e moitas empresas deron ao tacho; isto é un problema deste país, un problema moi grave que xenerou o paro que xenerou; pero os Concellos tamén estamos blindados e unha das cláusulas que puña é a posible reversión desta parcela no Concello, que é o que nos estamos facendo agora aplicando a Lei; e quero recordarlle ó Sr. Fernández que o Concello e Baiona é o único da zona que está facendo vivendas de protección oficial, vivendas socias; se fixeron no seu día as de Escubichas basadas no plan xeral, se fixeron as de Sabaris, non se olvide, grazas a que tiñamos un Plan xeral e tiñamos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

planeamento urbanístico; estas outras, que é outra parcela que está ahí prevista tamén porque nós temos planeamento urbanístico; non se fixeron noutros Concellos veciños ou limítrofes vivendas de protección oficial, sólo se fixeron en Baiona, algún mérito terán os gobernantes de Baiona de que iso sexa posible; porque aquí xa sabemos que hai moita xente que o quer facer a través de cooperativas, pero iso é o de menos, o importante é ter o terreo e a vontade de pór ese terreo a disposición pública para facer vivendas; e isa é unha liña incuestionable deste equipo de goberno e da nosa traxectoria política.

En canto a outros temas, eu non sabía que había unha crisis no BNG; porque claro, o Sr. Fernández e o Sr. Roberto en aparencia son uña e carne, o señor Roberto acude hoxe a unha reunión representando ós veciños e o Sr. Fernández se mosquea porque él non está; eu me pregunto ¿qué pasa aquí?, ¿porqué se mosquea o Sr. Fernández de que Roberto vaia a unha reunión e él non?; a mín dáme algo que pensar; o normal sería que sendo como son dixeran: “xa estiveren eu, te explico como é”; mal asunto, mal asunto, pero non me extraña que nas épocas que estamos xurdan estas crisis.

Vostedes están nun partido e sempre teñen apoios, senón é ún, é outro; pero os grupos independentes o teñen máis complicado, máis difícil.

Volvendo ó tema, este é un punto moi interesante e por iso hai debate, é unha modificación de crédito e hai que pensar que hai que aproveitar o ano 2010 porque ao mellor para o 2011 xa non nos deixan pedir créditos aos Concellos; non se sabe onde nos van a conducir os gobernantes deste país coa situación económico-financiera. Este é un punto importante e por iso hai debate; e coidado, a mín me parece moi ben e felicito ó Sr. Fernández porque ten unhas intervencións moi acertadas neste tema e se preocupa polos temas de interese xeral de Baiona; ben, me parece perfecto.

Nós estamos a favor, como non pode ser doutro xeito. Por certo, non me quero olvidar de darlle a nosa benvinda por fin a Manuel Marcote, concellal do PSOE, que hoxe se incorpora; me agrada vélo e sobre todo de que teñamos aquí a Corporación ó completo; me alegro e llo digo porque eu o vexo, seguramente o Alcalde como llo ten a súa esquerda non o miraba e eu sí llo vexo.

Estamos a favor deste punto como non pode ser doutro xeito. Moitas grazas, Sr. Presidente.

SR.ALCALDE.- Moitas grazas, Sr.Vilar; perdoneme, Sr.Marcote, porque a verdade é que é certo que eu non o habia visto; encantado de que esté aquí de novo.

SR.RODAL, PP.- Decirle lo mismo al Sr.Marcote; es bastante tiempo; le hemos echado en falta.

Con respecto a la moción de la modificación de crédito, despues de todas las intervenciones entiendo que el BNG y el PSOE se van a abstener pero que están de acuerdo en la tramitación en lo que refiere a este punto; después se abstendrán por distintos motivos, como ellos han comentado; pero lo que es el fondo del punto pues si lo aprueban.

Entiendo que en el caso del Sr.Fernández no está de acuerdo por el fallo, en las formas, sobre todo en el tema de Carabela Pinta, por la información que no se le dió en su momento; pero quiero decir que por parte de este equipo de goberno y de toda la Corporación municipal siempre ha habido una gran transparencia y no se oculta nada; le pongo el ejemplo de cuando fué el tema de los programas a nivel estatal, de empleo, donde Baiona fué uno de los pocos municipios que aprobamos en Pleno que la oposición también estuviese siguiendo los proyectos; creo que en casi ningún otro sitio lo aprobaron; nosotros votamos a favor para que ustedes siguiesen esos proyectos y también pusiesen sus iniciativas; por ello digo que este equipo de goberno siempre ha sido muy transparente.

Con respecto a lo que usted decia del tema de Marvil desde el 2007, pues claro que también estamos de acuerdo; la cooperativa ha hecho una gran labor, nosotros ya en el 2007 sabiamos si lo iba hacer también y en el caso de Marvil pues al final no llegó a cumplir lo que tenia que cumplir, por eso estamos con el tema de la reversión; es un tema legal, como muy bien ha dicho Manolo Vilar; es un proceso totalmente legal y desde aquí felicitamos obviamente a la Cooperativa porque ha hecho una gran labor.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Respecto al tema de Carabela Pinta, creo que a usted el proyecto sí le ha gustado, y me imagino que le interesará bastante porque también tiene un negocio en esa calle, como otros muchos baioneses.

Con respecto a lo que decía de las 15 plazas de aparcamiento, creo que es un detalle que se puede comentar en un Pleno pero que no es lo más importante; está en una zona muy emblemática, sabemos como están trabajando ahora todos los municipios con respecto a la cercanía de sus cascos históricos; tenemos un aparcamiento muy cercano; recuerdo cuando se tuvo la idea de sacar las plazas en la entrada del Parador, que eran unas 7 ó 10, para que pudiesen estacionar los autocares para que se pudiera apeara la gente, y ha sido un beneficio tremendo, pero tremendo, y en este caso será igual.

Con respecto a lo que es esa humanización, cuando ustedes gobernaban Marqués de Quintanar creo que era de doble dirección y ustedes la pusieron de una dirección sola; y es cierto como decía Manolo Vilar que entran otros equipos de gobierno (en este caso nosotros) y seguimos manteniendo la única dirección porque entendemos que funciona; y posteriormente se hace una humanización, como es en este caso; por lo tanto entendemos que no se trata de cambiar porque lo haya hecho otro, y si funciona la dirección única, como es su caso, pues no hay porque cambiar. Si se acuerdan antiguamente Carabela Pinta era de doble dirección, después fué de una única dirección, de la forma que está ahora, y es muy propensa a que la gente aparque en doble fila, con la humanización se subsanará este problema. Las humanizaciones siempre son problemáticas al principio, los comercios protestan, pero a la larga se ve (como en las humanizaciones que se han hecho en Vigo, Pontevedra, y en muchos pueblos) que al final el comercio sale ganando, y obviamente la calidad de los que aquí representamos, vecinos y comerciantes, también.

Desde el equipo de gobierno creemos que aunque se abstengan se entiende que esta modificación de crédito es justa y necesaria y más como dijo el Alcalde que posiblemente y casi seguramente el año que viene no se puedan pedir créditos ni privados ni públicos por la situación económica en la que estamos inmersos. Muchas gracias.

SR.ALCALDE. - Sr.Estévez, usted que también tiene un negocio en Carabela Pinta puede dar su opinión sobre el proyecto.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Si señor, muchas gracias; voy a intentar concluir resumiendo la postura del partido socialista. El punto de orden del día es una modificación presupuestaria; como dije antes nuestra crítica a llevar a cabo esta situación tres meses después de haber aprobado un presupuesto, tres meses después de que nosotros ya hubiéramos reclamado en ese debate presupuestario una mayor dotación para esa obra de humanización de Carabela Pinta, y que realmente nos parece precipitado eso de que a partir del año 2011 no se puedan pedir créditos públicos ni privados para financiar inversiones; y nos parece muy exagerado que una dotación presupuestaria pase o suba un 300% en 3 meses, ó que el total de inversiones de un presupuesto de hace 3 meses se convierta en un 63% más; desde el punto de vista económico presupuestario es criticable lo que ustedes plantean aquí y precipitado. Ya anuncié antes nuestra posición, que es de abstención, debido a la coherencia en temas económicos y presupuestarios que hemos mantenido siempre, y que incluso en este presupuesto nosotros planteamos una serie de modificaciones que hemos llevado a cabo y que ustedes al final no aceptaron y nuestra votación en aquel Pleno fue de abstención.

Sobre los dos objetivos que se llevan a cabo con esta modificación presupuestaria, para nosotros son dos buenas noticias. En primer lugar la reversión de la finca de Marvil, obviamente después de un fracaso de una concesión ó de un contrato administrativo en el año 2007 hay que revertir esa parcela y llevar a cabo las viviendas de protección autonómica lo antes posible; y en segundo lugar la humanización de la calle Carabela Pinta, que es uno de los puntos más importantes que nosotros llevamos en nuestro programa electoral y que en la campaña del 2007 nosotros hasta hemos plasmado en la calle con infografías para que el pueblo de Baiona viera cual era nuestra posición y visión de esa calle.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Consideramos que es una calle importante y dinamizadora de la economía de Baiona; y como dije antes, lo que solicitamos encarecidamente es que sea con el mayor diálogo y consenso con los vecinos, empresarios, y comerciantes. Es una situación delicada y que no debe tensionarse y creo que es buena para todos, pero con el mayor diálogo y consenso posible, incluso si fuera necesario con una Comisión de seguimiento donde puedan estar desde políticos a todos los sectores afectados.

Sobre una de las circunstancias que nombraba Manolo Vilar, decía que la crisis económica y la política del Gobierno da lugar a un enorme desempleo pues supone que empresas puedan fracasar en sus contratos administrativos; señor Vilar, si hace examen de conciencia igual está fallando algo aparte de esa situación a la que usted se refiere porque con el Centro de Día ha pasado tres cuartos de lo mismo, con la galescola en su momento, con el quiosco del Elduayen en este mismo Pleno y en los anteriores, con Marvil; quizá haya que hacer examen de conciencia también. Decir también que nosotros tenemos plan y tenemos interés en poner esas parcelas a disposición de hacer viviendas; tenemos plan ó no tenemos plan; tenemos un Plan del 93; tenemos un Plan aprobado provisionalmente; tenemos un POL; situación urbanística complicada, Sr.Vilar; muy complicada. Nada más, muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Compañeiro Manolo, antes dinche a benvida, agora como portavoz tamén cha dou, perdona o lapsus; benvido á Corporación.

Vou a contestar primeiro ó señor Rodal; nos non estamos en contra do proxecto; dixen que fáltannos xuízos de valor para posicionarnos, xuízos de valor; necesitamos un tempo; ver o proxecto y tempo para falar coa xente, falar con quen nós creamos oportuno. E é certo que foi unha iniciativa da Concellalía de tráfico, de Seguridade cidadana, que levaba eu naquel momento, facer a dirección única de Marqués de Quintanar; é certo, se ganaba en seguridade e se ganaba en prazas de aparcamento, gratuitas; e tamén fun o que levou a iniciativa de facer tódalas direccións únicas e tódalas prazas de aparcamento que se fixeron nos Tendais e que vostedes nada máis entrar se encargaron de eliminar volvendo á dobre dirección.

Tamén e certo que vostede sí nos invitaron ó Plan E; claro que de pouco valíu porque as iniciativas que levábamos non ían adiante; pero sí nos invitaron e participamos na mesa, iso é certo. Polo tanto no Plan E sí estiveron á altura das circunstancias, pero neste proxecto non, para nada.

Sr.Vilar, xa non sei nin por onde empezar; regato das fontañas; mire, o regato das fontañas está canalizado nunha arqueta diante da parcela, propiedade municipal, e circulan por ela centos de litros de auga por hora. Vostede sabe que é un manantial moi, moi importante; se canalizou por esas arquetas co fin de aproveitar a auga no verán para regar tódolos xardíns dos Tendais, e de iso me encarguei eu como concelleiro de Vías e obras; encarguei unha bomba de potencia suficiente para regar tódolos xardíns dos Tendais a GIVAZUL; truxéronna e eu lle advertín a vostede para que era aquela bomba, para que era aquela arqueta, e para que era aquela auga, para non gastar auga da traida; e ós poucos meses preguntei en GIVAZUL e me direxon que habian mandado un aviso de que devolveran a bomba porque non a ían a utilizar; e dende aquela a auga dese regato das Fontañas vai ó mar directamente; e lle recordo que este ano estamos conectados a Nigrán agora mesmo, ata Santa Marta: de Santa Marta ata Ramallosa estamos collendo auga de Nigrán, porque o encoro no deu feito; e despois queremos campos de golf. O encoro non deu feito; e temos a medio pobo vacío cun montón de edificios sen ocupar; tome nota.

Tamén dixo (eu non o sabía) que o proxecto o habia feito a Sra.Ana, concelleira de Urbanismo; felicidades Ana, pola parte que che toca; pensei que era un tal Javier, non me acordo ben.

Sr.Vilar, con respecto ó que dixo do tema de Marvil, que foi na legalidade, que foi porque houbo un concurso; iso son excusas; iso foron todo excusas; e foi unha excusa tamén, e mala, sen fundamento e sen peso, que vostede dixera que Marvil non fixo as vivendas por culpa da crisis, porque antes de que houbera a crisis Marvil xa era concesionaria desa



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

parcela, moito antes, moitísimo antes da crisis, de que estoupara a burbulla como dixo vostede.

Dí vostede que somos o único Concello que fai vivendas sociais; ¡ja min os demáis non me preocupan, me preocupa éste!, eu son concelleiro portavoz do BNG do Concello da Corporación de Baiona; os demáis que fagan do seu saco un peto se queren; de aquí é o que me importa; e se poden conseguir moitos máis terreos si se presenta o Plan Xeral; senón se ten gardado no caixón do Alcalde como está éste, coa excusa de adaptálo ás novas leis, cando iso é unha mentira; o Alcalde minte cando di que está adaptandoo ás novas leis porque precisamente o POL di que tódolos Plans Xerais que estén aprobados e adaptados á lei do 2002 non necesitan revisión de ningún tipo; polo tanto non son máis que excusas; excusas por interés político porque lle pode costar a Alcaldía presentar agora o mesmo Plan, porque non alcanza as perspectivas que lle ofreceu ós veciños, e iso significa xente no paro, e ahí a responsabilidade municipal porque o goberno de Baiona ten responsabilidade co paro que hai aquí en Baiona porque non aproba o Plan xeral e a xente non ten onde traballar, os albañiles, os canteiros, os electricistas, fontaneiros, arquitectos, e poden seguir; vostedes teñen a súa responsabilidade.

En Baiona hai sitio para facer vivendas sociais e o BNG quixo facélas, e o Goberno da Xunta (gobernando o BNG) quixo facélas: 45 vivendas sociais para as clases sociais con menos recursos, é dicir: para os nosos veciños que gañan menos; e vostedes votaron en contra.

Queren facer nesa parcela unha piscina; primeiro era un auditorio e agora é unha piscina; votaron en contra de 45 vivendas sociais para 45 familias de Baiona; a vostedes lles estorban ahí esas familias, por iso votaron en contra.

¿Vostede quer asistir a unha assemblea do BNG para ver se hai crisis ou senón hai crisis?, pois non vai a ser posible porque non lle vamos a deixar entrar porque non é vostede militante do BNG nin vai a sélo, polo tanto vai a quedarse coas ganas de se hai crisis ou non; eu lle digo: non hai crisis, nós non temos crisis; pero na assemblea do BNG vostede non vai a ser posible que esté presente, xa lle digo que non vai a estar invitado; polo tanto, se lle sirve de algo a miña contestación ben e senón o sinto moito. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Quero contestarlle ó Sr.Fernández unha cousa: en Baiona sobra auga; lle digo que sobra auga e o vou a matizar: en Baiona temos o embalse de Bahiña, lóxicamente é un luxo para un Concello como Baiona poder recoller a auga do río Bahiña; ademais é un embalse que se recupera fácilmente; tódalas augas practicamente da vertinte norte da serra da Groba; se está recuperando moi considerablemente con estas escasas choivas que cairon estes días, aínda que tampouco foi moito; 200 litros despois dunha época de sequía non é moito; pero lle poden asegurar que o embalse de Bahiña recupera moito. Cando se fala da auga de Zamáns, Baiona ten o mesmo dereito que Vigo, ou máis, sobre a auga de Zamáns; Baiona e os Concellos do Val Miñor, que están baixo a cuenca do Zamáns, coa lei na man, teñen o mesmo dereito a esa auga se a necesitaran de verdade; polo tanto, Baiona, igual que recibe os restos do Colexio universitario da Universidade de Vigo, a depuradora de Gondomar, ten o mesmo dereito de recibir a auga; e lle poden asegurar (eu fun membro da Comisión nacional da auga) que Baiona, no momento que os Concellos do Miñor reclamen a auga do embalse de Zamáns, teñen o mesmo dereito que Vigo, por suposto. No inverno nós lle ofrecimos auga de Bahiña a Nigrán a un prezo máis económico, cando o embalse rebasaba; nós lle ofrecimos esa auga, e se Nigrán non a quixo é problema de Nigrán.

En canto o tema das vivendas sociais, todos sabemos como se as gastaba o BNG cando estaba no tripartito; cando estaba no tripartito non lle importaba o planeamento urbanístico porque tiñan a competencia de facer eles vivendas de protección; e nunha entrevista que fóramos o Alcalde e representantes do goberno municipal a estar co señor Eudósio e cos seus asesores nos dixeron: "O plan xeral non volo van aprobar os do PSOE, non volo van aprobar; polo tanto a única solución é que acotedes esta zona en Sabaris e fagades vivendas de protección porque aquí nós sí que mandamos", nos dixeron isto; Eudósio é un asesor, Sr.Rivas; nos dixeron iso e querían en Sabaris acotar unha zona e recargála dunhas, sen esaxeración, máis de 400 vivendas de protección; e na que mandaban aquí a todos aqueles



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

veciños de fora de Baiona que tiñan na súa lista como segunda solicitude o Concello de Baiona por proximidade; e nós, atónitos, lle dixemos “¿pero bueno, como é posible isto sen o planeamento urbanístico?”, “non, isto todo se arregla”; todo o volumen que practicamente tiñamos previsto xerar en Baiona ía ahí; se rompía polo tanto todo ese equilibrio que en principio está contemplado no futuro Plan xeral de ordenación. Así as gastaba o BNG; así intentou en Nigrán facer vivendas de protección oficial na zona de Vilaríño e tivo a resposta que tivo do pobo de Nigrán, con manifestacións; claro: ésta non é forma de gobernar; eu prefiro sempre, e calquera de nós, porque aquí somos xente creo que a maioría sensatos, facer vivendas con arreglo o planeamento urbanístico, non inventarnos un planeamento en exclusiva para facer vivendas; pois isto llo facía o BNG, e foi ún dos pilares polo cal o BNG perdeu a Xunta de Galicia; porque os galegos non son tontos e saben cando se lle quer impór unha cousa ós Concellos pola falta de coordinación que había na Xunta; pero o BNG vendía esta política de vivendas sociais cando tivo responsabilidade; isto era o que quería facer en Baiona.

Por este motivo realizamos desde hace 15 años la feria medieval de la Arribada que, como todos saben, este año se ha catalogado Fiesta de interés turístico nacional (hasta ahora era fiesta interés turístico autonómico regional); entendemos que esta solicitud que hoy hacemos le va a dar un gran apoyo a esta fiesta nuestra; todo esto nos tiene que dar fuerza para que sigamos manteniendo el rigor histórico por este evento; hablar también del Museo de la navegación que en breve esperamos contar con él y la unión que va a tener con la Carabela Pinta, porque digamos que la oferta museística incluirá tanto el Museo de la navegación como la Carabela Pinta. Por todo lo que ha detallado Manuel Vilar somos merecedores estos tres municipios de ser considerados por la UNESCO Patrimonio de la humanidad, y esperamos que sea así; redundará en Baiona tanto a nivel turístico como a nivel cultural y potenciará muchísimo más todo este patrimonio que tenemos.

Sr. Lores,PSOE.- Efectivamente parécenos unha moción oportuna, xa o manifestamos na Comisión Informativa; nos adherimos a ela con absoluta fé en que isto se poda levar a cabo. Felicítarnos, ó equipo de goberno e a tódala Corporación, pola petición que fixemos para que a Arribada foxe declarada Festa de interés nacional, así está feito; agradecer o Alcalde a pronta comunicación cando este acontecemento se produxo. Como decía Manolo Vilar, Baiona é un Concello con moitísima historia, pero tamén e certo que ten moito futuro, e esta é unha moción que pensa máis no futuro baseándose no pasado, baseándose no histórico; iso a nós parécenos que é unha boa iniciativa, intentar conseguir que o noso territorio, noso Concello, esté declarado de interese cultural, é algo que pon a Baiona ou pode por a Baiona nuns ámbitos de futuro importantes; iso tamén implica pola nosa parte como Corporación e como baioneses que tamén coidemos o máximo este tipo de lugares e que tratemos de puxar por ese rigor e por esa parte cultural e etnográfica que está tendo todo este tipo de



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

acontecementos. Pola nosa parte o apoio incondicional; tamén decir que os tres pobos, os tres concellos inmanados, estemos nunha moción dunha forma conxunta parécenos tamén unha boa idea. Apoiamos esta moción, procurando que este tipo de iniciativas repercuta de forma positiva no tratamento cultural dos temas; pular porque haxa máis actividades deste tipo con seminarios ou incluso con algún tipo de beca de estudo de investigación histórica sobre o Descubrimento; podería ser algo que se podía falar porque hai moitas perspectivas históricas dun acontecemento importante e Baiona pode pedir que se plantexen os estudos en distintos seminarios, as distintas opcións históricas deste acto importante. Estamos totalmente a favor e participamos nesta moción. moitas gracias.

Sr. Fernández, BNG.- Nós tamén apiamos a moción señor alcalde.

SR.VILAR, CMÑ.- Despois que se vai a incluír tamén nesta moción unha referencia ó Monumento ós navegantes, onde Diego Carmona e Vasco Gallego deron a volta o mundo; e tamén a referencia á ponte da Ramallosa; tamén se vai a por en negrita o relacionado co yaacimiento submarino descuberto no ano 2007, e a ermita de Santa Marta; por enriquecer un pouco máis a moción con estes temas que posiblemente se nos olvidaran; nese sentido, con estas correccións, propomos a aprobación da moción.

Sr. Alcalde. Si, eu creo que está ben a incorporación da que fala Manolo, son temas moi importantes; a verdade é que é unha moción moi traballada que pon en valor unha parte de Baiona, pero eu son da idea de que a maior parte da historia de Baiona está todavía por descubrir; nos queda a zona da Bahía, completar o que sería este estudio, e posiblemente o Monte Boi, todo o que é a península de Monte Boi, que seguramente é onde hai mais hallazgos arqueolóxicos, e que situarán a Baiona todavía nun lugar máis destacado do que xa está neste momento; entendemos que a Baiona antiga está situada no Monte Boi e na propia bahía.

Moitas gracias, Manolo, gran traballo; eu creo que as tres Vilas que estamos irmanadas temos máis que méritos para ser declaradas pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade.

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.

Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- SOLICITAR A UNESCO QUE AS TRES LOCALIDADES IRMANADAS E LIGADAS O DESCUBRIMENTO DE AMERICA: SANTA FÉ DE GRANADA, PALOS DE LA FRONTERA, E BAIONA LA REAL, SEXAN DECLARADAS PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO BNG RELATIVA A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALICIA.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Fernández, BNG.

Sr. Fernández, BNG.- Gracias señor alcalde, vou a dar lectura á moción:

“O proxecto de lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno Galego substitúe ó actual cánon de saneamento por dous novos tributos: o canon da auga, e o coeficiente de vertido; coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do Partido Popular, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para adquisición de segundas vivendas sen límite de precio de renda dos seus



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

titulares, o Partido Popular incrementa de xeito brutal ou desproporcionado e a imposición sobre o uso de consumo da auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba dos impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de 35 millóns de euros; unha persoa que viva soa e teña un consumo medio duns 3 metros cúbicos ó mes verá como a carga tributaria do seu recibo de auga se incrementa en máis dun 363%, e unha familia de 3 membros con ese mesmo consumo por persoa terá que soportar un incremento do 171%. Esta é unha ley que foi elaborada sen consultar ós Concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que sufren o país e os Concellos. Reducen os consumos asimilables a domésticos pasando de 3000 metros cúbicos ó ano actuais a 2000 metros cúbicos ó ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van a experimentar Colexios, Centros de saúde, pequenos negocios, hostelería, etc. Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2000 habitantes, perxudicando, especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon por aproveitamento da auga dos seus propios pozos ou de traidas veciñais, do que hoxe están exentos; e ademais, aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga o de saneamento.

Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar calentadores homologados nos pozos particulares baixo ameaza de multas de ata 30.000 euros. Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro da auga nin nos usos domésticos nin nos outros; e por riba establece unha cuota para tódolos fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar cando con poñer en marcha a recadación do cánon industrial (como no caso de ENCE) xa incrementarían os ingresos e garantirían un uso sostibel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso; ven a ser outro incremento inxusto da política indirecta que soportarán os galegos/as independentemente dos seus ingresos, que só responde ó interese do Goberno do Partido Popular de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no Parlamento Galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a un millón de euros. Por iso propoñemos ó Pleno da Corporación municipal a adopción o seguinte acordo:

-Solicitar o Goberno Galego a retirada do proxecto da Lei de augas e elaborar un novo proxecto de lei que sexa sometido a consulta pública, debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) cumprimento da directiva Marco da auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b) garantir o acceso o ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.
- c) garantir unha fiscalidade progresiva para a auga de Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crisis pola vía dos impostos indirectos.
- d) regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso a auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.
- e) ter en conta una regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostibel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga.

CONTINUA.- Esta é unha moción que está presentando o BNG en tódolos concellos de Galiza; creemos que o imposto que nos pretende meter o señor Feijóo é abusivo e inxusto e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que ademais o única afán que ten é de recaudar. Estamos en contra deste tipo de proxecto de lei; non sería así si estivera (como decíamos antes) protexindo un ben escaso que hai, e ademais recadando tamén para depurar as augas e infraestructuras necesarias para a súa conducción, pero non tal cal como o están plantexando agora mesmo: beneficia os grandes consumidores e machaca literalmente ós usuarios de vivendas domésticas. Polo tanto nós non estamos dacordo con esta lei e o que fixemos tódolos compañeiros de tódalas corporacións de todo o país foi convocar ós veciños e veciñas, informálos, en todos lados se está facendo; nós o fixemos en Baiona e ademais trasladamos ós veciños/as un documento para que asinaran coa copia literal do acordo que hoxe vamos a tomar. O fixemos así en tódalas assembleas; non anduvimos a pedir polas rúas sinaturas, pero sí o fixemos en assembleas, sr.Alcalde, e doulle traslado ás 400 firmas que en 16 folios saíu a dobre cara; lle dou traslado das sinaturas que os veciños/as nos deron nas assembleas para que vexa que non é unha petición soamente do BNG senón que estamos respaldados por 400 sinaturas recollidas nesas assembleas.

SR.ALCALDE.- Mellor sería que o pasara por rexistro primeiro; o agradezco.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Máis de 400 sinaturas en 17 folios a dobre cara xa lle digo que son unha referencia da xente que asistiu ás assembleas; e eu estou segurísimo, convencido, de que se houberamos saído a rúa, sobre todo no rural que é onde máis pozos de auga hai, mais captacións propias hai, pois houberamos traído moitísimas máis sinaturas. Polo tanto, eu creo que é unha cuestión a meditar, a estudar, e espero que nos apoien a moción.

Sr. Alcalde.- Sobre o comentario de sair ou non sair pola rúa, usted igual non saíu pola rúa pero sí sabemos (porque así se fixo) que houbo firmas pola rúa; iso seguro. Non sei si era o BNG pero temos nomes e apelidos. Non entendo esa especificación de que fora en assemblea; quer decir que nas assembleas polo menos estiveron 400 asistentes, ¿non?

SR.RODAL, PP.- Este tema de la Ley de aguas es un punto muy sensible. En primer lugar decir que actualmente es una Ley en el Parlamento, no de la Xunta, remitida y aprobada como se ha dicho antes por el Consejo de la Xunta de Galicia el 27 de mayo pasado para su posterior debate y votación, y que necesita de la mayoría de la Cámara Gallega, en donde las tres fuerzas mayoritarias, PP, PSOE y BNG, tendrán oportunidad de posicionarse y presentar enmiendas a los 88 artículos de este proyecto de ley de aguas que pretende dar cumplimiento la directiva Marco del agua. De ahí que este cánon, del agua, desea dar respuesta a la obligación comunitaria de repercusión de los costes de los servicios relacionados con el agua y que no son solamente las redes de abastecimiento, saneamiento, sino también los costes ambientales; en definitiva es un cumplimiento de la normativa europea; que la normativa europea recomienda a la autonomía gallega que el 20% de las tarifas tengan un incremento para recuperar los costes y que en el 2015 tanto las rías como los ríos de Galicia estén totalmente saneados.

Con respecto a lo que dicen aquí en su moción de que son dos nuevos tributos, uno es el canon del agua que sustituye al que tenemos actual canon de saneamiento y estará destinado única y exclusivamente a actividades en materia de abastecimiento, saneamiento, explotación de depuradoras, fomentando el uso racional del agua, así como su ahorro. Y el segundo, el coeficiente de vertido, que sustituye a la actual tasa de depuración, en los casos de que la Xunta asuma la gestión de la depuradora. En este momento la Xunta está gestionando 25 depuradoras, y cuenta que lo que queda de legislatura (3 años más o menos) pueda gestionar 149 depuradoras.

A día de hoy el canon de saneamiento de nuestros recibos es de 21 céntimos metro cúbico, como todo el mundo puede ver en sus recibos; este nuevo canon del agua, en el supuesto más desfavorable, supondría un incremento de un euro/mes para una familia de 3 o 4 personas, o sea, un 20% de incremento; donde ustedes aquí ponen que para 3 personas en una vivienda sería un incremento de un 171%. Y le digo más: en el caso de una persona en



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

una sola vivienda no le aumentaría un 363%, sino que sería en este caso una rebaja de un 40%; quiere decir que con este nuevo canon del agua el 30 %de la población gallega tendrá un precio menor que actualmente.

Decir que este futuro canon del agua en Galicia es el segundo más bajo de todas las comunidades españolas después de la Rioja, y estamos hablando de 12 comunidades españolas que están ahora mismo con el canon del agua; las familias numerosas, como ahora mismo, tendrán un descuento del 50%; y con respecto al tema clave que son los pozos particulares seguramente crearán finalmente setos y las traídas vecinales tendrán una bonificación del 80%, en el caso que ustedes ponían de 3 personas en una vivienda tendrán que pagar un 20%, o sea, lo que sería para 3 personas 85 céntimos al mes, no llega ni un café al mes; y ustedes nos hablan de subidas brutales y desproporcionadas de impuestos.

También están exentos de este cánón los usos ganaderos, agrícolas, y forestales, al igual que las traídas de agua que suministran a estos ganaderos, agrícolas y forestales. Esta nueva ley de Aguas de Galicia garantiza a la ciudadanía una cantidad y calidad de agua excelente atendiendo a su uso racional y sostenible; y con todo esto que he comentado, imagino que también con lo que comentan ustedes, estamos hablando de un proyecto-anteproyecto; ésto, como todos sabemos, está en el Parlamento, y en el Parlamento habrá montón de enmiendas tanto por parte del PP como por parte del PSOE como por parte del BNG. Todos estos supuestos que estamos diciendo son en función del primer anteproyecto, muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Bueno o tema da auga é un tema apasionante e de feito neste Pleno xa levamos falando dela en varios puntos.

A mín paréceme que é un tema impresionante, apasionante, e que se debe debatir nun Concello pero me gustaría falar da situación que temos no Concello de Baiona respecto á auga, de como estamos, de cómo está a nosa rede, como están os nosos cauces; creo que iso sería un tema importante para debatir no Concello.

Como sempre vimos repetindo dende o grupo socialista este tipo de mocións de ciclos-cyl (como di Manolo Vilar) que veñen aquí son mandatos de partido, que nós normalmente metemos un bó filtro e non pasamos ningunha; neste caso o BNG, como supoño que a partir de agora tamén o PSOE, e polo que vexo tamén o PP, xa empezamos co primeiro intento pre-electoral e entón empezan a chegar este tipo cousas.

Entendemos que éste é un tema fundamental para tratar no Parlamento de Galicia, e así se está tratando; o noso grupo parlamentario está traballando ben, moito, e creo que con eficacia, de feito presentamos unha enmenda de 72 folios dos que fixen un pequeno resumen (porque senón podíamos estar aquí ata mañá); pretendemos mantér unha autonomía dentro do noso partido e dentro do noso Concello, polo tanto primeiro vamos a respetar profundamente o traballo que fai o grupo parlamentario do PSOE, vamos a dicir cales son as nosas ideas neste proxecto e vamos a facer unha pequena crítica. Polo tanto, como digo, non é un argumento do grupo municipal de Baiona, porque entendemos que este é un debate que se está dando nestes momentos noutro ámbito, o cal respetamos; vamos a dicir simplemente cal é a postura do noso grupo parlamentario.

O grupo parlamentario di que esta non é (e nós, polo tanto) unha lei de augas porque realmente, como tamén di o PP neste pequeno folleto, non ordena tódolos usos da auga; entendemos que é unha oportunidade de elaborar un proxecto de lei sobre a auga, desaproveitada polo actual Goberno de Galicia, para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural.

O que queremos dicir é que a cultura da auga vai moi ligada á Cultura galega; a cultura dos usos da auga é algo que está moi arraigado sobre todo, por ser máis complicada, no rural; coas traídas de auga, coas pequenas asociacións, e incluso con aqueles acordos de rego que normalmente incluso traían algún tipo de conflito, pero que ó final o que era era un ben escaso, e segue sendo un ben escaso, que é algo que tampouco nesta lei se está regulando, e se estaba tratando con absoluto mimo por parte da sociedade galega. O proxecto obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a directiva



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

marco de auga, e a lexislación estatal entre outros non contempla os seguintes puntos: a autorización sostible dos recursos hídricos; a necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos; a protección do recurso da auga; a prevención e redución da contaminación e, en xeral, da protección do medio ambiente. Tampouco regula, so se fan leves referencias, ás situacións de enchentas ou secas, e á necesidade de levar a cabo tarefas preventivas; non se fai referencia ás zonas indudables nin as zonas protexidas; falta unha regulación relativa o rego, que comentamos fai un pouco, onde se garanta unha xestión eficiente sostible do mesmo, tampouco están contempladas previsións en materia de auga soterradas nin a reutilización dos recursos; polo tanto, o partido socialista, a nivel galego, está pedindo esta retirada, está pedindo unha enmenda á totalidade.

Pola contra este proxecto de lei non asume o novo modelo da xestión da directiva marco da auga que implica o recoñecemento dun recurso limitado, cuya xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia dos usos dos recursos hídricos reducindo o consumo e incentivando o aforro de auga. En definitiva, enténdese que esta é unha lei que só ten un obxectivo contrastado: recaudar máis ó subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

Polo tanto nós vamos apoiar a moción do BNG, e simplemente dicir que o noso partido tamén está traballando neste tema e tamén dicir que nós non somos partidarios de traer estas mocións que se están debatindo noutros ámbitos; que sí seríamos partidarios de traer unha moción que nos fale pois de como está nestes momentos a situación do noso sistema de augas, como o embalse; eu coincido en que Baiona non ten problema de auga; creo que realmente lle corresponde, e así se está facendo, á Xunta de Galicia, e ó Estado, mantér o suministro desta auga, polo tanto a reforma que se fixo do embalse fixo posible que durante 5 meses aquí tivesemos auga, e que ó final se hai que enganchar con Zamáns pois haberá que enganchar e non pasa absolutamente nada. Habería que ver despois en que situación están os veciños de Belesar e de Baredo que teñen as súas propias traídas. Creo que ese sería un debate que podería resultar importante neste Pleno; ver cales son as deficiencias que temos no noso suministro de auga, no noso saneamiento; creo que iso si que debemos tratalo con absoluta seriedade e por parte incluso do goberno pois pasarnos un informe e debatir como estamos. Pareceríame un tema realmente do noso ámbito; éste é outro. Apoiamos a moción do BNG e dicir que o noso grupo parlamentario está traballando neste tema.

SR.VILAR, CMÑ.- Evidentemente estas mocións son mocións de cicloscyl, pero a veces tamén nos obligan un pouco a posicionarnos e a dar a nosa óptica municipalística. Eu teño unha cousa clara, o noso grupo, e dende o goberno municipal creo que tamén: Baiona ten que ser solidaria cos acordos do Parlamento de Galicia en tema de augas; realmente Baiona se beneficiou nos últimos anos de inversións importantes da Xunta de Galicia en materia de augas no noso Concello; sería inxusto non recoñecer o aumento que se fixo na presa de Bahiña, que é unha obra importantísima; sería inxusto non recoñecer a depuradora de Silleiro; o tratamento das nosas augas residuais coa depuradora de Silleiro e tódala obra de canalización, é unha obra realmente espectacular e iso hai que recoñecelo; calquer persona que esté na política ou calquer veciño ten que pór en valor esa obra que creo que é unha gran desconocida e que se fixo por consenso de tódolos grupos políticos; aquí polo tanto non estou facendo política. Hai que recoñecer as importantes obras que se fixeron no río Grova na zona de Sabarís para evitar as inundacións, obras importantes feitas por Augas de Galicia; polo tanto creo que nese sentido temos que estar agradecidos á Administración pública por todo este tipo de obras; e temos obras importantes que facer aínda, e que exigir, como é a depuradora de Gondomar, o tratamento urxente da depuradora de Gondomar para desbloquear a contaminación que estamos sufrindo no estuario do río Miño; esixirle tamén o Concello de Nigrán que non teña vertidos na Ramallosa. Creo que todo isto ten que estar regulado por lei.

Os argumentos que presenta o Bloque están nunha liña un pouco tremendista, de ir contra todo, recollida de firmas, etc., pero por favor, se hai que pagar un imposto sobre a auga temos que pagálo; non hai máis remedio; vivimos nunha sociedade avanzada e nos estamos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

beneficiando de obras desta inversión; e fíxese: se os baioneses teñen que pagar un imposto (como ben decía o representante do PP, que falaba con datos reais), que ahí non hai dúbida porque son datos reais e non hai engaño, e neses datos, ese é o imposto que temos que pagar, e tendo en conta xa todos estes beneficios que tivemos en Baiona pois hai que ser serios e hai que ser solidarios coa política da Xunta de Galicia; e sobre todo que hai que regular o tema da auga. E un tema complexísimo, sobre todo nunha zona como Galicia que a veces desprezamos auga porque creemos que temos auga abundante, cando o feito de ter moita non quer decir que non se controlen os recursos hídricos; porque nós aquí non temos o problema da auga nin a tradición que existe no Levante onde un litro de auga pois ten un valor incalculable e a xente regula e non gasta; aquí en Galicia, porque creemos que a auga nos ven do ceo, como así é, gastamos auga dabondo; non pode ser, temos que empezar a cambiar a nosa política de augas, ser respetuosos co medio ambiente; temos o caso das nosas Bandeiras azuis que agora é posible gracias a ese Plan de tratamento que houbo.

Tocou o tema o portavoz do PSOE, e estou dacordo, das traidas veciñais; creo que as traidas veciñais foron doutra época; agora esas traidas veciñais terán que integrarse na rede municipal de abastecementos e saneamentos; de igual xeito que levamos o saneamento ás parroquias lóxicamente as traidas veciñais debían de estar na rede xeral de saneamento; temos o caso de Santa María de Oia onde o propio alcalde agora insta aos veciños da Riña para que teñan a traida de saneamento; que por certo, aquí nadie falou dese gran proxecto que se está falando en Oia dunha Central hidroeléctrica de auga de mar, que parece ser que queren levar para producir e que pode afectar ó entorno da Grova; aquí moito tal pero temos que ser nós os que expomos este tema, porque aínda non se falou para nada deses temas.

Entendo que hai que regular todo isto; estou falando de proxectos que afectan a nosa zona, realistas; isto o ten que regular o Parlamento de Galicia; e no Parlamento de Galicia, que son nosos representantes, teñen que debatílo; eu confío en que salga unha boa lei de augas, pero non vai a saír polas firmas que colle o BNG de Baiona, seguro que non; vostedes utilizan as firmas para outra cousa: para seus intereses personales; pero non para resolver un problema real como é ese, nin para asumir todo isto que eu estou dicindo; porque aquí non estamos inventándonos unha historia rara, eu estou falando de inversións que fixo a Xunta de Galicia, e hai que estar agradecidos a Administración autonómica por todas estas inversións que se fixeron en Baiona; e se agora os baioneses teñen que pagar un canon pola auga pois non temos máis remedio que pagar, porque nos beneficiamos doutro lado.

Señores do BNG, non utilizen este tema das firmas, isto é un montaxe que fan vostedes, pero é un montaxe descarado en beneficio dos seus e creando un alarmismo entre os veciños que non é certo, ¿porqué cando vostedes van ás parroquias non lle explican á xente?, “a Xunta nos deu todo esto”. Os señores do BNG han actuado con irresponsabilidade sobre todo enganando á xente para que firmen un papel inventando e creando uns temores que non son certos, ¿porqué non lle falaren de todas estas inversións que se fixeron?: porque non interesaba. Polo tanto, pedimos seriedade; nos estamos dispostos a apoiar calquer norma neste sentido, e si hai que pagar un imposto mínimo pois haberá que pagálo, como tódolos cidadáns; haberá que pagalos porque nos beneficiamos; iso non é ningunha traxedia, estamos falando de cantidades pequenas. Sr.Fernández a cousa é como é, levamos moito tempo nesto, e creo que a vostede lle deron unha norma e para facer méritos ante o seu partido se dedicou a coller firmas; isto foi o que pasou; porque vostede sabe que aquí en Baiona se fixeron moitas inversións por parte da Xunta, de tódolos cores, non estou falando da Xunta do PP, fala da Xunta de tódolos cores; nós temos que ser solidarios, non nos queda máis remedio, máxime nun concello como Baiona onde a auga nace na serra da Grova e chega ó mar; non somos un Concello que temos que depender doutros para ter auga; e temos que reclamar Zamans, por suposto, ese é un gran reto que temos que facer.

Sr.Alcalde, estamos a favor destes plantexamentos que fixo o PP, creo que desmontan por completo os argumentos do BNG que creo que non están na realidade nin na verdade do que actualmente estamos falando. Moitas gracias.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Este debate sempre é bó, pero teño que dicir que a min o que máis me preocupa de todo isto é que o BNG non crea na democracia; a democracia di que se aproba un anteproxecto polo Goberno e despois se leva ó Parlamento, e dentro do Parlamento se debate entre tódolos grupos políticos; o expresou moi ben o señor Lores; o señor Lores o expresou perfectamente, e dicir, hai un debate no Parlamento de Galicia; o partido socialista presentou unha enmenda a totalidade e despois como iso se rechazou presentou 29 ou 30 modificacións, alegacións, á lei; é dicir: iso é o trámite parlamentario, iso é a democracia; a democracia non é ir a asustar cun anteproxecto que sabemos todos que no trámite parlamentario vai a ser mellorado, a palabra é mellorado; e para iso presentou o PSOE, presentou o PP; non teño coñecemento de que o Bloque presentara alegacións; o BNG si presentou reunións cun anteproxecto que a día de hoxe, cando expuseron nas parroquias, xa era mentira, porque xa se habían aceptado alegacións á nova lei. Se quer utilizar a demagogia, a mentira; antes decía o sr Fernández que eu mentía, eu a verdade que non sei se mentirei pero si fora por contaxio, estar ó lado seu case 8 anos, tiña que mentir pero por tódolos lados; vostede minte repetidamente, pero non minte aquí, minte en todos lados; non di que hai un anteproxecto cunha negociación no Parlamento; e nós somos moito máis prácticos e vamos aprobar unha moción, pero unha moción realista que vai a tratar de resolver os problemas da xente; evidentemente hai unha serie de cousas da lei que hay que modificar e se están modificando e de feito cando falaron xa estaba modificadas; e nos vamos a propór unha alternativa a súa moción, e poden aceptar algunhas cousas evidentemente como nós facemos moitas veces. Decimos moitas veces que a exposición que fai o bloque e tremendista, pero hai cousas das que se piden coas que estamos dacordo, e outras que incluso nós vamos a máis, pero hai que dicir as cousas reais, a realidade, o que é; non firmas de algo que xa non é; porque recordolle, sr. Fernández, que fai poucos meses dixo, en reunións tamén nas parroquias, que se ían a tirar entre 300 e 500 casas en Baiona; resulta que nos últimos comentarios xa di que “bueno, que no plano non se ve moi ben, realmente non o sei”, iso o dixo vostede por ahí; si eu vou a unha reunión dun veciño e lle digo que lle van a tirar a casa firmo onde sea, evidentemente, pero hai que ir coa verdade por diante, e ver cantas casas se tiran, eso é así; ou ir polas portas cando empeza a chover en Sabaris, “coidado esta noite vamos a ir todos polo aire”, claro iso e fácil, se pode facer pero a realidade non vai por ahí; creo que hai que tratar de velar polos veciños nosos, e vamos a velar, e dende logo nos vamos a ir cunha moción constructiva para mellorar o anteproxecto de lei; e non quero que se destroze ou que non haxa ley para dicir que o BNG paralizou o goberno; esas non son as formas.

O PSOE é un partido que quere gobernar, e goberna moitas veces, e por tanto da alternativas; vostede pide “retirada da lei”, non di “bueno, non estou de acordo con ese anteproxecto, vamos a ver o que entendemos que hai que modificar”, non, hai que retirála, que non haxa ley; Pero logo onde gobernan fan outras cousas. En Pontevedra, xa saben o que pasou coa famosa taxa que se mantuvo durante moito tempo. Hai cousas coas que estamos dacordo pero lóxicamente coa exposición de motivos non podemos estálo porque entendemos que é un planfeto dirixido, como decía o representante do partido socialista, a ir xa preparando as eleccións, a ver se conseguimos gobernar; das outras propostas hai temas que si estamos dacordo e outros que non estamos dacordo, podemos discutilas punto por punto e se chegamos a un acordo pois eu creo que será bo para todos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Ben, vamos por partes; teño que adicar dúas partes ó PP porque últimamente sempre interven dúas veces; dende logo non ten desperdicio. Decirle que bueno nós facemos un traballo político no Concello e creemos que hai que facelo durante os 4 anos, ó principio e ó final durante os catro anos, polo tanto esta é unha parte máis do noso traballo e así o vamos a desenvolver. Este traballo significa para nós non alarman senón informar os veciños do que se está levado no Parlamento a día de hoxe e creemos que é importante que o pleno do concello de Baiona se posicione ó respecto. Con respecto a intervención que fixo o Sr.Alcalde, e o portavoz do PP, teño que responder o seguinte: mire,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

se están equivocando ou están metindo en esta ocasión; llo digo así de claro pero me parece que están mentindo, penso que están mentindo cando falan de primer anteproxecto, están mentindo o meu entender; mire, eu teño aquí o proxecto de lei, son 170 páxinas, creo recordar, ten o rexistro de entrada nº 37.112 do Parlamento de Galiza, e de saída o nº. 3677, e dice: "Para súa tramitación polo Parlamento de Galiza achégolle o proxecto de lei de augas de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de maio de 2010", repítolle: o proxecto, non primer anteproxecto; o proxecto de lei de augas aprobado polo Consello da xunta de Galiza na súa reunión do día 27 de maio do 2010. Vostede decía primer anteproxecto de lei, e o seu compañeiro decía primer anteproxecto da lei; non proxecto de lei de augas de Galiza aprobado polo Consello da Xunta; como Presidente o señor Feijoo; eu non estou mentindo, iso e así.

SR.ALCALDE.- Dixenlle que non cree na democracia; as leis as aproba o Parlamento; os proxectos de leis non, a lei o Parlamento. O único que ten valor legal é a lei, e a lei a aproba o Parlamento. O proxecto de lei o pode propor o Goberno ou outras instancias, pero a lei e aprobada polo Parlamento; iso é a democracia.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Continuo, "asemade achégase a certificación expedida polo Secretario do Concello co visto e prace do Presidente da Xunta de Galiza, así como os documentos ós que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara"; e isto é trasladado o Parlamento de Galiza para o seu debate e aprobación definitiva; isto tal cal o dixen aquí o dixen nas assembleas de veciños en tódalas parroquias; é decir: nós non vamos ca mentira, non necesitamos ir con mentira ningunha porque vostedes teñen os compañeiros moi malos redactando leis; e a súa política fiscal, e a súa filosofía do que debe ser as leis, están moi lexos do que necesita este país. Polo tanto esa é a realidade; a este proxecto de lei o BNG presentou unha enmenda a totalidade, e ademais 77 propostas, 77 no Parlamento de Galiza; ben, efectivamente alí e onde se vai a resolver a cuestión, como se resolven todo tipo de leis de titularidade de ámbito do Parlamento galego; pero non cabe duda que a xente da rúa ten que estar informada, e non cabe duda de que se o goberno e o Parlamento de Galiza lle chegan peticións de moitos concellos de todo o país pedindo certas rectificacións nesa lei, algo terán que ter en conta como teñen feito máis veces, estea quen estea no goberno; e este caso non vai ser menos; pero é que hoxe a mañá se retificou un proxecto ou se acordou rectificar un proxecto en Sabaris cunha rotonda que se o BNG non informa os veciños os veciños tragan coa rotonda que vostedes defendían e foron a defender alí nunha assemblea a Morade; senón moviliza e informa ós veciños o BNG tragan co primeiro que lle meten, defendendo intereses alleos a poboación, defendendo intereses, lle dou as gracias por dar-me a razón señor Vilar, defendendo intereses da autoestradas de Galiza, eu sei que o Sr, Vilar, está conmigo aínda que non poda decilo.

SR.ALCALDE.- los mismos intereses que hicieron que ustedes en cuatro años en Sabaris no hicieran una saída de autopista, ustedes si que paralizaron en cuatro años las obras de salida de autopista, ahora va adelante y eso les deja fuera de juego, va de farol como siempre.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Me alegro que me interrumpa, me fastidia pero me alegro porque sei cando lle meto o dedo na laga, se cabrea e perde o control. Pedíralle señor alcalde, que cando fai, porque eu nunca o fixen, unha exposición (evidentemente eu comprendo que a exposición que fixeN da moción que vostedes non a acepten), home se aceptan ibanlle a crecer as orellas como pinochos, como os burros, de tirarlle tanto porque (perdón pola expresión) porque os seus compañeiros de Santiago iban a polo fino, comprendo, pero non lle chame panfleto, por favor: guardemos as formas e o respecto as exposicións; non nos gusta, dacordo, votamos en contra; pero panfleto non é porque eu tampouco llo dixen nunca a vostedes; un panfleto para min é o que anda pola rúa ciscado sin firmar, sin asignar por



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ninguén; eso é un panfleto; pero se vai asinado por alguén é unha exposición; unha exposición que che gustará ou non che gustará, pero hai que respetala, polo tanto non é un panfleto.

SR.ALCALDE.- Perdón, a palabra panfleto non ten un sentido negativo.

SR. FERNÁNDEZ, BNG: Para min si.

SR.ALCALDE.- Vostede debería defender o concepto de panfleto porque se utilizou toda a vida; non é negativo salvo que vostede teña un concepto peiorativo do panfleto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Isto está asignado.

Sr.Rodal, mire: preámbulo: "Galicia conta ademais cun territorio integrado en concas hidrográficas de xestión do Estado, cunha propia conca hidrográficoamente incluída no seu territorio, coñecida como Galicia costa; no ámbito territorial desta conca a comunidade autónoma de Galiza dispón de competencias exclusivas, e polo tanto co axeitado fundamento xurídico de acadar unha regulación que responda os seus propios intereses", é di máis adiante: "de iso deriva a necesidade de dispoñer dun marco xurídico que regule un sistema tributario mediante o cal os beneficiarios dos servizos de abastecemento e depuración cooperen na súa construción e mantemento", é dicir: hai unha directiva europea que recomenda, pero que non esixe, e vostedes están dando a entender á xente de que lle esixe a directiva europea; non, porque aquí a comunidade que está aplicando este canon é Galiza, non é nin Euskadi, nin Andalucía, nin Castilla A Mancha, non, é Galiza; aquí; o país dos mil ríos; onde, según a televisión española, chove todo o ano.

Despois falamos dos porcentaxes; e os porcentaxes que vostede fixo non sei con que cálculos os fixo; pero tomeime a molestia de facer un cálculo cun recibo real, dunha vivenda de Baiona calquera, con 4 membros; sabe que o canon establece uns tramos e dependendo do número de membros de cada vivenda así se vai a pagar os tramos correspondentes; ben, pois mire, unha casa con 4 membros, consumo (esto é un recibo real, o podo ensinar despois se quere) consumo de 60 metros cúbicos nun trimestre paga 50,67 euros, porque de canon de saneamento paga 10 e pico ou 11, canon de saneamento que vai a ser retirado, vai a ser a única disposición derogatoria que existe nesta lei para retiralo e aplicar no seu sitio o novo canon da auga; consumo: 60 metros cúbicos trimestre, 50,67 euros; pasará a 67,70 pola aplicación do novo canon; pero esta mesma vivenda que pode ter un consumo, e que tivo, de 90 metros cúbicos no verán (porque no verán como comprenderán se gasta moitísimo máis auga) pois de 80,13 euros pasará a 106,13 euros; isto aplicando esta lei, este é un caso real de Baiona; non lle falo dos casos que serán os máis extremos onde se sube un 300 e pico por cen; éste é un caso real e llo podo mostrar documentalmente; vostede sacou que nun caso especial se facían uns descontos moi importantes, é certo, se fai o 80% de desconto á xente que teña pozos, e non teña saneamento. Mire, a lei dice explicitamente aquí que deberá pagar todo o mundo auga no canon completo excepto cando o veciño teña pozo propio captación propia e non teña saneamento, é a única excepción, non hai máis; pero os veciños, para non pagar máis co 20 % dese canon, deberán ter pozo sen saneamento, é dicir: fosa séptica. No resto dos casos que teñan pozo e a menos de 150 metros de distancia, integramente pagará o canon, e teñen que pór un contador no pozo, según establece isto aquí.

SR.ALCALDE.- Sr. Fernández, estamos dando volta o mesmo; hai alegacións que xa se tomaron en conta e o PP presentou máis de 30, o PSOE creo que en torno ós 29, vostede di que o BNG 77, vale, pois poña agora en papel como está a lei. Na enmenda que queremos propor neste pleno falaremos dunha serie de medidas que sexan claras, porque podemos falar da capacidade da cuenca noroeste, e tal, e tal, pero iso non se vai a arreglar; o que queremos é arreglar o problema; evitar que a xente teña medo do que poda ocorrer; evitar iso de que se podan tirar 300 casas; queremos ir e concretar o que queremos pedir no



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Pleno; non me fale de se o lunes o proxecto de lei e éste, o mértes é éste, o mércores e este, non; diga o que queremos pedir; nós o temos claro o que queremos pedir e así o vamos a pedir; se fóramos todos de forma unánime, moito mellor; e hai cousas das que pidedes na moción nas que estamos de acordo e noutras non; pero sobre todo en ser concretos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Leo: "artigo 49: Determinación de base impositiva do réxime de estimación directa. No caso de abastecementos coas entidades suministradoras o volume de auga utilizado o consumido será suministrado por dita entidade mediante, medido de ser o caso polo contador homologado instalado. No caso de concesións de uso ou captacións propias, o volume será medido polo contador homologado instalado, que será declarado polo contribuínte na forma e prazo que regulamentariamente se determinen." Por certo: teñen un prazo de 6 meses para polo, e senón se arriesgan a entrar nunha infracción leve que sería de acta 30.000 euros. Dígolle unha cousa señor alcalde, eu fai escasamente horas falei co compañeiro Enrique Vieites, que é quen leva a zona sur de Pontevedra, e me dixo que isto segue o trámite parlamentario establecido e que non hai novidade ningunha; polo tanto, o trámite que hai agora mesmo aprobado é isto, e o que se seguirá debatindo de momento será isto.

SR.ALCALDE.- Vostede di que o día 7 de outubro non se modificou nada do proxecto de lei que entrou no Parlamento en xullo; é o que está dicindo neste momento.

SR.FERNANDEZ, BNG.- eu o que lle digo é o que está en trámite parlamentario, e o que está aquí, e o que está aprobado agora mesmo pola Xunta.

SR.ALCALDE.- vamos a ser claros: o portavoz do BNG no Concello de Baiona di que o 7 de outubro non se modificou nada do proxecto de lei que entrou no Parlamento, ¿estamos de acordo?. Sr. Fernández, eu sei que vostede non quere concretar as peticións porque non quere que se aprobe nin que se faga unha boa lei, vostede o que quere é reventala, simplemente. Vou a deixar que acabe a súa intervención e a continuación procedemos as votacións e así xa non hai ningún problema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Rogaríalle que non me interrumpira senón non vamos a acabar. A cuestión sr. alcalde e que o trámite parlamentario, o que hai agora mesmo aprobado definitivamente (e eu non teño información privilexiada de ningún tipo, non teño información privilexiada, e si vostede a ten trasládemea porque o mellor evitábase moitas cousas), pero por escrito, non de pico; me dixo que o que hai agora mesmo é isto, a tramitación está en trámite parlamentario, nada máis. No artigo 45, no apartado 3, di: "O canon se lle exixirá polo uso ou consumo de auga facilitada por entidades suministradoras, como polo uso ou consumo de auga en réxime de concesión para abastecementos, ou procedente de captacións propias"; o di aquí: "superficiais ou subterráneas, incluídos consumos das augas pluviais e mariñas que efectúen directamente os usuarios", e dicir: aquí se vai a pagar por todo excepto polas fontes (que de momento non lle van a por ustedes contadores), só nos faltaba eso; parques e xardíns tampouco, e as instalacións deportivas municipais; o resto van vostedes a aumentar, a crear un imposto novo máis; e isto é o que di a lei; ¿que non lle guste?, me parece normal, a nós tampouco, por eso pedimos que a retiren. Non nos gusta, a vostedes tampouco, pois voten a favor da moción.

Sr. Vilar, quixera dicirlle que claro que hai que ser solidarios, efectivamente; e ademais o que ten un servizo ten que pagalo; pero é que iso se decía nas asembleas por parte dos veciños; están ben educados; podería haber sido un problema pero non; os veciños dicen: nós temos un servizo e temos que pagalo; e a lei establece que hai que cobrar, que hai que ter diñeiro na administración pública, para crear depuradoras, infraestructuras, depuradoras de auga residual e auga potable, como temos nós aquí en Baiona; hai que crear infraestructuras e hai que mantelas; o que non se debe é privatizalas; pero hai que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

mantelas e iso costa cartos; e todo o mundo está de acordo en pagar; hai que pagalo, o decía un veciño nunha assemblea en Baredo: “non me importa pór un contador no meu pozo para que me contabilicen a auga que boto no saneamento”, porque é a única maneira de contabilizala hoxe en día; pero o que non poden cobrarme a min e pola auga que saco do pozo porque a infraestructura pagueina eu do meu bolsillo; pagueina eu; polo tanto non se lle pode cobrar o mesmo canon de auga a unha infraestructura que foi pagada con diñeiro do Estado, público, que unha infraestructura que foi pagada polo bolsillo do contribuínte; iso hai que diferencialo; ademais vostede dixo, insinuou, que as traidas de auga deben ser absorbidas pouco menos que polo Concello.

Coidado decir isto nunha assemblea na que haxa xente con captacións veciñais, coidado, porque no seu día mentras aquí se levantaba a acera de Elduayen con diñeiro público para as parroquias eles tiveron que pagar do seu bolsillo miles de pesetas para ter unha traída de auga deficiente a día de hoxe. Entón podemos estar de acordo en que en esas zonas hai que entrar ca traída de auga municipal; pero ollo: os que pagaron do seu bolsillo as traidas de auga teñen uns dereitos; porque non comparen vostedes o recibo da traída de auga de Baredo ou de Belesar co de ESPINA E DELFIN, non o compare; tampouco é a mesma calidade nin o mesmo caudal, pero coidado que os precios xa empezan a ser importantes.

SR.ALCALDE.- Sr. Fernández, está de acordo que non paguen os pozos particulares traidas veciñais teñan unha alta bonificación, esta dacordo con eso?

SR.ALCALDE.- Eu estou de acordo en que se contabilice, e pode ser co contador, as saídas de auga residuais.

SR.ALCALDE.- Ou sexa: o que sae dos pozos.

SR.FERNANDEZ, BNG: Non, o que entra no saneamento do colector xeral.

SR.ALCALDE.- A nosa moción, os tres primeiros puntos son iguais ao voso; o cuarto é: “Un tratamento diferenciado e máis xusto á hora de repercutir o consumo de auga, incluíndo a implantación dunha tarifa social nesta materia”; e o seguinte punto: “Non paguen os pozos particulares e as traidas veciñais teñan unha alta bonificación”, “Que a tarifa galega esté entre as máis baratas de España”, ¿estamos de acordo?.

SR.ALCALDE.- Deixame rematar a intervención. Sr.Vilar, vostede ten razón, en Gondomar a depuradora é un desastre; recordo que a mandou facer Fraga; pero sempre foi un desastre dende o principio porque soamente depuraba o 20%; e os verquidos que poidan vir da Universidade son un peligro en potencia; pero tamén temos que mirarnos o ombrigo; é decir: na franxa de Ramallosa a Baiona hai vertidos por todos lados e segue habendo. Hai que ser realistas. Sr.Vilar, ou corríxaos ou meta unha pantalla no paseo para que non se miren, porque a xente non e tonta, cheira e os ve; e cheiran.

Sr.Alcalde, se pusera os Plenos ás 8 da tarde ou as 6 da tarde, había máis xente, estaríamos máis relaxados, todos merendados comidos e tranquilos; os xugos gástricos fan un efecto moi dañino no estómago e no cerebro.

Creo que o tema está claro; non ten solidez ningunha apoiar esta lei, e creo que os veciños non foron tontos cando asinaron, e lle digo que asinaron o acordo íntegramente, tal como está, a exposición se retirou e se meteu o acordo, simplemente, e aquí o teñen. Isto foi o que asinaron os veciños, o asinaron libremente sen ningún tipo de historias; o que fixo firmar firmou o que non quiso firmar marchou e non firmou; creo que aquí hai veciños que estiveron alí; algúns xa marcharon. Por certo, isto o aprobou o Presidente seu (e noso tamén), pero Presidente do voso partido en Galiza, Presidente da Xunta e presidente do PP. Foi o Consello da Xunta quen o aprobou; agora veñen cunha enmenda; me parece ben que retifiquen, como retificaron na rotonda de Sabaris, me parece ben, como retificaron no POL (que eu nunca dixen que tiraran vivendas abaixo, nunca o dixen, a ver se teñen vostedes



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

